



INDO Ó CELME

‘Do teu verdor cinguido’, por Pérez Prieto (e II)

A carón dos seus ricaces e orixinais ensaios sobre o vencello entre galeguismo e cristianismo, outra achega, dentro do horizonte da escrita galega, realmente sobranceira de Victorino Pérez Prieto é o seu ensaio *Do teu verdor cinguido*, un ensaio teolóxico-filosófico verbo da ecoloxía. Unha *rara avis*, un libro, en realidade, extraordinario, fóra do común.



Por Xosé Manuel Domínguez Prieto

Xa dende o título amosa ás claras a perspectiva adoptada nas súas reflexións —unha perspectiva teolóxica e cristiá. Mais non por iso refuga outras contribucións. É máis: acode explicitamente ás achegas feitas dende a economía, o feminismo e outras relixións non cristiás.

A carón disto, ten a probidade intelectual de recoñecer as madías e atrancos que a propia tradición teolóxico-cristiá supón respecto dunha reflexión ecolóxica, tinxida por veces dun espiritualismo que rexeitaba. Nembargantes, sabe tamén situarse naquela perspectiva hermenéutica que lle permitirá o diálogo franco coa ecoloxía. Para este diálogo foxe dunha postura naturalista idólatra

(Terra-Nai) ou dun romanticismo baleiro e estético. Segundo a súa particular visión, “ser cristián implica ser ecoloxista”.

Claro, pedagóxico e moi ben documentado, os tres primeiros capítulos ben poden servir como introducción xeral ós problemas e perspectivas ecolóxicos. Ó estilo da mellor filosofía pasa da exposición do máis coñecido por nós ás reflexións fondas. Comeza, daquela, dando abondosos datos. Pero a pesar do desastroso panorama que estes datos amosan, non queda o autor ancorado nun maniño pesimismo nin nun doado alarmismo, senón que propón a busca de solucións.

E coido un dos maiores acertos do ensaio o feito de que sitúe esta busca no ámbito da ética. Porque, dende a súa perspectiva conscientemente realista e holística, propón que tanto a política, como a ciencia, a técnica e maila mesma economía pasen polo peneiro da ética. Aposta así por un novo humanismo non prometeico, que substitúa o antropocentrismo que permitía situar ó home fronte á realidade material para dominala e asoballala ó seu antollo por un humanismo baseado no respecto e cooperación co contorno material e natural.

Conscientemente, arreda Pérez Prieto de si toda tentación idólatra, ideolóxica ou romántica no ámbito da ecoloxía. Por isto, é quen de dialogar coa economía, lugar privilexiado onde hai que atallar as raíces da desfeita ecolóxica, tomando partido non por un ecoloxismo nachamente naturalista e conservador senón por un que poña en primeiro plano a persoa e que reconcilie a cultura coa natureza.

Pero a carón deste asomarse á dimensión económica, fai presente aqueles filósofos que manteñen unha perspectiva holística ou totalizante respecto da natureza (Whitehead, Leonardo Boff). Define así o seu ecoloxismo como humanismo.

Nembargantes, se cadra, a

parte máis orixinal do ensaio atópase na análise dos vencellos da ecoloxía coas relixións e, dun xeito especial, coa xudía e cristiá, acusadas de favorecer co seu antropocentrismo, no sentido dun señorío asoballador do natural. Aclara, neste sentido, como na máis enxebre tradición e fe cristiá non hai unha postura de asoballamento e rexeitamento do material senón unha apertura franca á natureza. E para deixalo patente acode a dialogar coas achegas da moderna teoloxía para logo deterse con esmerada análise no que denomina o autor “o verdor da Biblia”.

Vai amosar, dende o *Xénesis* deica o *Evanxeo*, as raíces bíblicas e evanxélicas de carácter ecolóxico, facendo patente a súa intuición inicial: ser crente cristián implica ser ecoloxista.

Por último, propón tres figuras como paradigmáticas do ecoloxismo cristián: Francisco de Asís, S. Juan de la Cruz e Teilhard de Chardin.

Remata o libro, de fluída verba, coas súas máis alquitarradas conclusións. Supoñen estas a aposta por unha nova conciencia ecolóxica, integral e, no que respecta á teoloxía, a substitución dun Deus dominador por un Deus painaiami-goamante (nisto a pegada de Torres Queiruga é explícita).

Victorino Pérez Prieto, namorado da palabra galega, comprometido coa palabra galega, ten como ensaísta varias cualidades que permiten unha lectura ben amable: a claridade do que expón, o esmerado e mecoso estilo e calidade da escrita, capacidade de presentarnos con trazos sinxelos as principais dimensións de canto tema trata.

Por último, coido que tamén son de destacar a honestidade intelectual do autor (que presenta sempre a súa identidade cristiá dun xeito nidio, lonxe de calquera parapetamento ou encastelamento, aberto sempre ó franco diálogo), e o enfoque multidisciplinar das súas obras: teolóxico (ante todo), económico, ético, literario.

REMEDIOS CASEIROS

Para evita-las molestias asociadas ás indigestións (I)

Son numerosas as persoas que sofren decote as molestias derivadas de malas dixestións, gases, acidez de estómago, etc.

Outras persoas só saben destes problemas de vez en cando debido a enchenches incontroladas, como as das festas pasadas, ou mesmo a nervios que se pegan ó estómago e que sentan mal.

Sexa cal sexa o seu caso ímoslles propor algunhas solucións eficientes, baratas e, como é o máis habitual e característico desta sección, caseiras.

➔ Entre as fórmulas máis recomendables e acertadas encóntranse as **infusións**. Daquela, presentámoslles unhas cantas que poden elaborar nas súas casas dun xeito natural e doado:

✓ Preparar un **té a base de loureiro e a monda dunha laranxa**. Férvese unha cunca de auga, engádese-lle unha folla de loureiro e a monda da laranxa, déixase repousar durante uns minutos e fíltrase. Tomarase despois das comidas.

✓ Outra posibilidade consiste en engadirlle unha **follla de loureiro a 1/2 litro de auga fervendo**. Retírala, deixar que arrefría e ir tomando, a pequenos sorbos, unha cunca deste líquido ó longo do día.

✓ Preparar unha infusión de **mace-la e botarlle unhas gotas de anís**.

✓ O **pirixel**, xa sexa mastigado, en cocemento ou licuado en medio vaso de auga ou de zume de limón constitúe outro remedio eficaz.

✓ Ferver un **tronco de apio** en 1/2 litro de auga durante dez minutos e bebelo, ós poucos, no día.

✓ Unha infusión de **anís verde e tilla** despois de cada comida axuda a combater as molestias derivadas dese problemas que chamamos ‘nervios ó estómago’.

✓ Elaborar unha **tisana a base de menta e laranxa**. Bótanse catro follas de menta, unha folla de salvia e media cullerada de monda de laranxa relada en medio litro de auga fervendo. Déixase repousar durante tres minutos, fíltrase e tómase sen azucre.

✓ Charo Baleirón



O ensaísta e teólogo Victorino Pérez Prieto